



RESOLUCIÓN POLA QUE SE EMITE O DOCUMENTO DE REFERENCIA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Modificación puntual do Proxecto de ordenación do medio rural na contorna do Gran Hotel

Órgano promotor: Concello de Mondariz Balneario

Expediente: 2014AAE1707

Código web: 1655/2014

ANTECEDENTES

1. Na actualidade o planeamento urbanístico do Concello de Mondariz Balneario réxese por un Proxecto de ordenación do medio rural aprobado definitivamente o 17.01.2001 (DOG nº 24 de 02.02.2001).
2. O día 09.06.2014 recibíuse na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas un escrito do alcalde do Concello de Mondariz Balneario no que comunica o inicio da tramitación da *Modificación puntual do Proxecto de ordenación do medio rural na contorna do Gran Hotel* (en diante Modificación puntual ou MP), acompañando dita comunicación dun documento de inicio . Unha vez analizada a documentación presentada, o 11.06.2014 requíriuse ao Concello que emendase algúns aspectos do documento presentado.
3. O 31.07.2014 tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas un novo escrito do alcalde do Concello de Mondariz Balneario, en contestación ao requirimento feito, xuntando documentación complementaria ao documento de inicio presentado.
4. Como paso previo a adoptar a decisión sobre a necesidade de someter o Plan especial ao proceso de avaliación ambiental estratéxica (en diante AAE), o documento de inicio foi exposto ao público en xeral na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas por un prazo de vinte días naturais, o cal finalizou o día 21.08.2014. Consultouse ao mesmo tempo aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións públicas.
5. O 22.08.2014 este secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental decidiu someter a Modificación puntual do Proxecto de ordenación do medio rural na contorna do Gran Hotel ao procedemento de AAE por concluír que podía ter efectos significativos sobre o ambiente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ten por obxecto promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación de determinados plans e programas, mediante a realización dun proceso de avaliación ambiental estratéxica (AAE).
2. A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia indica no seu artigo 5.e) que a modificación de calquera instrumento de planeamento urbanístico debe ser obxecto de AAE cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril.





3. A Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, integrou o proceso de avaliación ambiental estratéxica no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico.
4. O Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinala como órgano ambiental responsable da tramitación dos expedientes sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Tendo en conta todo o anterior, RESOLVO:

1. Aprobar o documento de referencia da *Modificación puntual do Proxecto de ordenación do medio rural na contorna do Gran Hotel*, no que se inclúen os comentarios recibidos durante a fase de consultas (anexo I).
2. Darlle publicidade a este documento na web de avaliación ambiental estratéxica de plans da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental).
3. Notificarlle esta Resolución ao Concello de Mondariz Balneario.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Justo de Benito Basanta



DOCUMENTO DE REFERENCIA PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MEDIO RURAL NA CONTORNA DO GRAN HOTEL (CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO)

Índice

1 INTRODUCCIÓN

2 DESCRICIÓN DA PROPOSTA

2.1 OBXECTO

2.2 ALTERNATIVAS

2.3 PROPOSTA

3 PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS RELACIONADOS

4 CONSIDERACIÓNS PARA A INTEGRACIÓN DOS CRITERIOS DE SUSTENTABILIDADE

5 CONTIDO DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

6 DEFINICIÓN DAS MODALIDADES DE INFORMACIÓN E CONSULTA E IDENTIFICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS AFECTADAS E PÚBLICO INTERESADO

6.1 MODALIDADE DE INFORMACIÓN E CONSULTA

6.2 AMPLITUDE DA CONSULTA

6.3 INFORME DE PARTICIPACIÓN E CONSULTAS

ANEXO I RESULTADO DAS CONSULTAS E DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO DOCUMENTO DE INICIO

ANEXO II CRITERIOS DE SUSTENTABILIDADE

ANEXO III INDICADORES DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS



1 Introducción

O procedemento de avaliación ambiental estratéxica é un instrumento que contribúe a integrar os aspectos ambientais na preparación e adopción de planes e programas públicos que poidan ter efectos significativos sobre o ambiente.

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece no artigo 84.5 que o órgano ambiental trasladará ao órgano promotor dun instrumento de planeamento urbanístico a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que debe ter o informe de sustentabilidade ambiental (ISA) mediante un documento de referencia, que incluírá ademais os criterios ambientais estratéxicos, os indicadores dos obxectivos ambientais e os principios de sustentabilidade aplicables.

Segundo o artigo 9.1 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, durante a determinación do alcance do informe de sustentabilidade ambiental o órgano ambiental debe definir tamén as modalidades de información e consulta, identificando ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado.

No proceso de avaliación ambiental estratéxica da “Modificación puntual do Proxecto de ordenación do medio rural na contorna do Gran Hotel”, promovida polo Concello de Mondariz Balneario, este documento constitúe o documento de referencia para a súa elaboración e tramitación.

2 Descrición da proposta

2.1 Obxecto

Con esta modificación do planeamento urbanístico municipal preténdese realizar varios cambios na cualificación urbanística dos xardíns do Gran Hotel Balneario de Mondariz-Balneario, situado no núcleo urbano desta vila. Na actualidade, segundo o POMR vixente, gran parte dos terreos do ámbito corresponden a zona verde privada e o resto a edificación protexida, uso hoteleiro e uso para equipamentos e dotacións.

Segundo figura no documento de inicio presentado polo promotor, os obxectivos son:

- Obter para o uso e titularidade pública, a maior parte dos xardíns do Gran Hotel, os cales actualmente son de propiedade privada.
- Establecer as condicións urbanísticas necesarias que permitan a recuperación das ruínas da antiga lavandería do Gran Hotel para destinalas á futura construción dun Museo da Auga.
- Obter un solo para dotacións públicas que permita albergar servizos municipais.
- Permutar a edificabilidade de uso hoteleiro prevista por un uso residencial, establecendo unha nova localización para a mesma.
- Establecer as bases normativas que posibiliten a rehabilitación de construcións existentes.

2.2 Alternativas

No documento de inicio contémplanse dúas alternativas, ademais da alternativa “zero” que suporía non realizar a modificación puntual e manter a cualificación urbanística actual.

Ambas alternativas comparten criterios de localización e superficie para as propostas do Museo da Auga, o equipamento de servizos municipais, e as zonas verdes privadas e públicas.



A diferenza entre ambas alternativas é o emprazamento dos usos residenciais propostos; a alternativa 1 prevé que estes usos se localicen na parcela do “Chan de Gándara”, en concreto nun espazo existente entre o rego de Valdecide e o vieiro que linda polo leste do ámbito delimitado; por contra a alternativa 2 propón que estes usos se sitúen na zona do Bosque do Gran Hotel, a carón do acceso pola Fonte da Gándara.

2.3 Proposta

No documento de inicio óptase pola alternativa 2, de xeito que os cambios propostos coa Modificación puntual son os seguintes:

- Cambiar a titularidade de 17.049,72 m² de zona verde privada, os cales serán cedidos ao Concello converténdose en zona verde pública.
- Eliminar o actual uso hoteleiro contemplado ao nordés do Gran Hotel, transferindo a súa edificabilidade bruta (2.580 m²) a un uso residencial de nova creación, situado nunha parcela do Bosque do Gran Hotel. Nesta parcela de 3.765 m², contemplase permitir o uso residencial, cunha tipoloxía edificatoria plurifamiliar.
- Cambiar o uso dotacional deportivo privado dos terreos onde se atopa a antiga lavandería do Hotel, para pasalos a dotación pública cultural, coa previsión de que nos mesmos a Axencia de Turismo de Galicia acometa a construción do Museo da Auga.
- Destinar a equipamentos para servizos municipais unha parcela de 400 m² situada na parte mais sur do ámbito que actualmente figura como zona verde privada.

As propostas incluídas na MP derivan fundamentalmente do acordado convenio urbanístico asinado o 17.10.2013 entre o Concello de Mondariz Balneario e a sociedade SODESMON S.L.

3 Plans, programas e proxectos relacionados

Nesta modificación puntual do POMR deberase analizar o marco normativo no que se encadra, tendo en consideración a normativa de ámbito internacional, nacional, autonómico e local relativa á protección do ambiente.

Destácanse os seguintes instrumentos de planificación territorial que deberán terse en conta pola súa especial incidencia sobre o planeamento:

- Directrices de ordenación do territorio (DOT).
- POMR do Concello de Mondariz Balneario.
- Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

Para acadar unha adecuada coordinación territorial, a Modificación puntual deberase axustar ás determinacións das Directrices de ordenación do territorio (DOT), especialmente as referidas ao patrimonio cultural e natural.

Asemade, co obxecto de garantir a coherencia da planificación en cascada e considerar a prevención e minimización dos posibles efectos que puidera xerar, a MP deberá incluír unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) -tal e como establece a determinación 10.1.18 das DOT- incluíndo os seguintes apartados:

- Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade: xustificarse como foron considerados os efectos da MP sobre os aspectos clave que definen as DOT.
- Proceso de decisión: analizarase a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se deseña a MP. Considerarase a coherencia en ferverza, analizando a relación da MP cos obxectivos das DOT e do POL, así como a coherencia transversal cos obxectivos da



planificación sectorial, para o que se terán en conta os plans identificados, de acordo co sinalado no apartado 2.1 deste documento.

- Relación cos elementos territoriais estratéxicos: avaliarase a relación da MP cos elementos estratéxicos do ámbito, tomando como referencia os identificados no apartado de *Análise obxectiva da contorna* das DOT.

Como exemplo de ACE pódese consultar a realizada no apartado 10 do ISA do Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL).

4 Consideracións para a integración dos criterios de sustentabilidade

No anexo II inclúense unha serie de criterios de sustentabilidade como ferramenta de apoio para facilitar o proceso de análise do territorio e a definición de obxectivos ambientais propios da MP. Unha vez definidos os obxectivos, farase unha valoración das alternativas consideradas para acadalos, identificando os efectos sobre as variables de sustentabilidade derivadas da alternativa elixida e deseñando as medidas preventivas ou correctoras.

Finalmente deberá establecerse un plan de seguimento que permita, mediante o establecemento de indicadores, verificar o cumprimento dos obxectivos da MP e coñecer a súa evolución.

A continuación realízanse unha serie de consideracións sobre as variables de sustentabilidade para facilitar a súa integración na Modificación puntual, tomando como referencia o documento de inicio achegado polo órgano promotor e as observacións ou suxestións recibidas no período de consultas.

PATRIMONIO CULTURAL

O Balneario (gran hotel e o seu xardín) está protexido polas Normas provinciais do ano 1991 e os elementos que o configuran conforman unha unidade indivisible, polo tanto, os xardíns están protexidos como un elemento do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia en aplicación da disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural manifestou no período de consultas que calquera medida que supoña a fragmentación do conxunto do Balneario debe evitarse. En consecuencia, **o uso residencial privado previsto no Bosque do Gran Hotel non é compatible coa protección e conservación da integridade do conxunto**, supoñendo esta proposta a perda e destrución dunha parte primordial da súa natureza.

Asemade, no ámbito de actuación existen varios elementos patrimoniais de interese (a antiga lavandería, o invernadoiro, as escalinatas e o estanque do Gran Hotel, o Chalet de Dona María, o peto das ánimas, un coro e un arco románico, un cruceiro, así como unhas bañeiras centenarias localizadas na zona, entre outros).

As intervencións nos bens do patrimonio cultural deberán estar encamiñadas á súa conservación e mellora, debendo garantir a súa protección, revalorización e difusión, integrándoas de xeito harmónico no territorio e na paisaxe (determinación 9.4 das DOT).



OCUPACIÓN DO TERRITORIO

No documento de inicio arguméntase a permuta da edificabilidade de uso hoteleiro polo uso residencial, en base a que a oferta hoteleira do concello está sobredimensionada, e que non existe demanda de novas instalacións hoteleiras, nin previsión de ampliacións das existentes. Non entanto, o establecemento de novos usos asociados á vivenda debe estar amparada, ben no esgotamento da capacidade residencial do POMR ou ben na confluencia de factores debidamente xustificadas que impliquen a necesidade de xerar novas vivendas, e non nunha permuta directa de aproveitamentos de diferentes usos.

Segundo os últimos datos estatísticos oficiais (IGE 2013), o Concello de Mondariz Balneario conta cunha poboación de 656 habitantes, amosando unha evolución regresiva na última década, xa que no ano 2004 contaba con 704 habitantes.

A realidade da oferta residencial demostra que, no momento actual, existen diversas edificacións plurifamiliares e unifamiliares, ben en obras paralizadas ou ben en boa parte deshabitadas.

Polo tanto, nun escenario municipal no que o actual sector terciario hoteleiro excede as necesidades de capacidade, no que existen diversas vivendas inacabadas ou deshabitadas, e no que a evolución demográfica municipal é lixeiramente regresiva, deberá quedar debidamente xustificada a necesidade de mudar a cualificación do solo proposta, o cal permitirá incrementar a oferta residencial do municipio.

PAISAXE

Segundo o indicado no documento de inicio, prevese realizar unha reordenación de usos no ámbito. Tanto a nova zonificación resultante como as futuras construcións e rehabilitacións que se propoñan deberan contribuír a conservar e mellorar a paisaxe, en xeral, do conxunto da vila de Mondariz Balneario e, en particular, os xardíns do Gran Hotel como un dos seus elementos máis destacados dende o punto de vista paisaxístico.

Deberase levar a cabo un estudo da incidencia paisaxística dos novos usos previstos, prestando especial atención ao ámbito no que se contemplan os usos residenciais. Este estudo deberá considerar tanto a capacidade de acollida, como as posibilidades de transformación dos terreos afectados.

En calquera caso a MP deberá establecer a obriga de que os plans ou proxectos que deriven da recualificación, contemplan na súa elaboración, medidas para a integración paisaxística das actuacións construtivas que se acometan.

PATRIMONIO NATURAL

Os xardíns do Gran Hotel conta cunha ampla variedade de especies vexetais. A distribución de usos proposta no documento inicial sitúa sobre o xardín inglés (Bosque) as reservas de solo destinadas ao uso residencial. Este "bosque" trátase dun espazo importante no conxunto do Balneario, entre outras cousas, por estar presente dende o principio da súa conformación (1873) e existiren nel exemplares arbóreos centenarios de gran porte, ademais de polo seu valor paisaxístico.

Conforme coa determinación 7.1.1 das DOT, os instrumentos de ordenación urbanística deben incorporar as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellora da calidade ambiental do territorio, garantindo o seu uso sostible por parte da sociedade.



SOCIEDADE

Segundo sinala o artigo 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, toda modificación do planeamento urbanístico debe fundamentarse en razóns de interese público. Enténdese por tanto que é esencial que se estableza o maior consenso social posible sobre a proposta de modificación do planeamento, debendo fomentarse por parte do concello a maior difusión e participación posible, tanto da poboación municipal como do público interesado.

ENERXÍA

Se ben a suficiencia de subministro eléctrico está garantido, recoméndase que tanto o alumeadado público dos novos espazos públicos que se podan xerar, como para as novas dotacións previstas, sexan proxectados atendendo a criterios de minimización de consumo enerxético, debendo de promoverse normativamente, na medida do posible, o emprego de enerxías renovables.

CICLO HÍDRICO

Pola parte occidental do ámbito, correspondente co curso do rego Valdecide, identifícase unha área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI; código ES010-PO-01-03), segundo figura na Avaliación Preliminar do Risco de Inundación elaborada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Por outra banda, lémbrese que para poder desenvolver novos usos deberá quedar garantida previamente tanto a capacidade de abastecemento como a de saneamento de auga, así como a xestión das augas pluviais conforme cos criterios de sustentabilidade e coa planificación hidrolóxica, todo elo en cumprimento da determinación 4.8.9 das DOT.

CICLO DE MATERIAIS

Deberase prever a dotación de espazos axeitados para o tratamento e xestión dos residuos, adaptando ditos espazos á demanda previsible derivada de novos usos. Complementariamente deberase dar cumprimento á determinación 4.9.5 das DOT sobre a redución no consumo de materiais e na produción de residuos nas instalacións previstas.

5 Contido do informe de sustentabilidade ambiental

De acordo co recollido no artigo 8 da Lei 9/2006, do 28 de abril e no seu anexo I, defínese o contido mínimo do informe de sustentabilidade ambiental (ISA) e os principais aspectos que deberá integrar este documento.

1. Esbozo da Modificación puntual

O ISA debe recoller un esbozo do planeamento, centrándose en tres aspectos principais:

- Descrición xeral do ámbito de actuación. Resumiranse as características principais da situación ambiental, económica e social tanto do ámbito de actuación como do entorno no que se insire.
- Obxectivos principais. O ISA debe recoller os obxectivos da planificación, destacando aqueles con carácter ambiental.
- Relación con outros plans e programas conexos. Deberase analizar a coherencia con outros plans e programas existentes que poidan estar relacionados, tanto a nivel nacional como autonómico. Nos casos nos que se presenten conflitos ou incompatibilidades cos obxectivos ou medidas establecidas nos plans ou programas sectoriais, deberanse identificar os problemas e establecer as medidas de coordinación necesarias.



2. Diagnóstico ambiental do ámbito de actuación

Farase unha descrición dos aspectos ambientais máis relevantes configuradores da situación actual do ámbito, considerando especialmente os elementos patrimoniais e naturais de interese, e os seus valores históricos e paisaxísticos.

Identifícanse os problemas e condicionantes ambientais, así como os elementos estratéxicos do territorio que van condicionar e que se van ver afectados pola planificación.

3. Análise das alternativas e xustificación da proposta seleccionada

As alternativas constitúen o abano de posibilidades coas que acadar os obxectivos da MP, co menor custe e o maior beneficio para o ambiente. O seu análise deberá conter o seguinte:

- a) Proposta de alternativas. As alternativas deben ser estas razoables, técnica e ambientalmente viables e estar definidas coa precisión necesaria para permitir a súa valoración. Así, para a súa definición terase en conta que as alternativas poden responder a cuestións de estratexia (para dar resposta ás necesidades detectadas), de localización e/ou de ordenación (en canto ás características do desenvolvemento, relativas á tipoloxía de construción, forma, superficie, etc.).

Deberanse formular como mínimo dúas alternativas, ademais da alternativo cero ou de non actuación.

- b) Valoración das alternativas propostas. As alternativas formuladas serán valoradas en base ao cumprimento dos obxectivos da MP e á integración dos criterios e as variables de sustentabilidade establecidas neste documento de referencia, sinalando a metodoloxía empregada.
- c) Xustificación da alternativa seleccionada. Explicarase razoadamente a selección da alternativa proposta e xustificarse a súa conveniencia para acadar os obxectivos perseguidos pola MP.

4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

Para unha correcta identificación dos efectos derivados do desenvolvemento da alternativa seleccionada haberá que:

- a) Describir as actuacións propostas pola MP e as posibles intervencións que poden ter repercusións significativas no ambiente.
- b) Identificar e valorar os posibles efectos ambientais (secundarios, acumulativos, sinérxicos, a curto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos, etc.) derivados destas actuacións sobre as variables ambientais. Ademais, xustificarse a metodoloxía empregada sinalando, de ser o caso, as dificultades atopadas.

5. Medidas previstas

Descríbanse as medidas dirixidas a previr, reducir, contrarrestar ou corrixir os efectos ambientais adversos. En todo caso, o planeamento que se desenvolva no ámbito deberá incluír as medidas necesarias para conservar e recuperar os elementos que teñen sido deteriorados, especialmente a reposición do arborado, a conservación de elementos inventariados individualmente e aqueles outros singulares que forman parte do conxunto balneario (fiestras absidais, bañeiras e calquera que conforme o carácter do xardín).



Deberase valorar cómo as medidas previstas contribúen á integración dos criterios de sustentabilidade, sinalando aquelas que deberán aparecer nos plans e proxectos que posteriormente vaian a desenvolverse, as cales deberán recollese na propia normativa da MP.

6. Plan de seguimento

Establecerase unha batería de indicadores, que seguirán a liña dos indicadores que se recollen no anexo III deste documento de referencia, de xeito que se poda analizar a súa evolución no tempo. Para cada indicador incluírase, na medida do posible, un valor obxectivo ou de referencia, que permita determinar a necesidade de aplicar as medidas propostas para corrir os efectos negativos producidos, identificar con prontitude outros efectos adversos non previstos ou reconducir o Plan no caso de que non se estivesen acadando os obxectivos propostos.

Ademais, o plan de seguimento deberá marcar os prazos, formas e recursos para a recompilación, tratamento e análise da información, considerando neste proceso a participación do órgano ambiental coa remisión de informes a este de forma cuadrienal ou trienal, segundo estea establecido na programación temporal da MP.

7. Informe sobre a viabilidade económica

Xustificarase a viabilidade económica das alternativas propostas (o que pode ser a xustificación da elección dunha alternativa fronte a outras), das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos ambientais negativos así como os custes do plan de seguimento.

8. Resumo non técnico

Incluírase un resumo, en termos facilmente comprensibles, da información facilitada nos apartados previos.

9. Cartografía

Na MP deberán estar incluídos todos os planos necesarios para a correcta descrición ambiental do ámbito, en coherencia coa análise realizada no ISA e evitando a duplicidade nos planos de información. Así, ademais da cartografía esixida pola normativa urbanística, incluírase a das alternativas formuladas (considerando a alternativa cero), a das características naturais do territorio e dos valores ambientais (considerando os espazos naturais protexidos, os elementos naturais ou xeolóxicos de interese, os hábitats de interese comunitario, os refuxios ou enclaves de fauna ameazada a protexer, etc.), a das unidades de paisaxe e das cuncas visuais de interese, a da zonificación acústica do territorio, etc.

Sen prexuízo do anterior, o ISA terá que incluír os seguintes planos:

- Plano de riscos naturais, preceptivo segundo o artigo 15.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo, incluíndo tamén os riscos tecnolóxicos.
- Plano da ordenación proposta superposto cos valores ambientais e potencialidades do territorio, incluíndo os posibles condicionantes.

A documentación cartográfica que se elabore axustarase ás especificacións técnicas que figuran no apartado "Información xeográfica" da páxina web de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.



6 Definición das modalidades de información e consulta e identificación das Administracións públicas afectadas e público interesado

6.1 Modalidade de información e consulta

A fase de consultas sobre a MP, incluído o ISA, será realizada polo órgano promotor a través da **posta a disposición do público a documentación completa da MP** durante un prazo de **2 meses** para o seu exame e formulación de observacións. Daráselle publicidade mediante anuncio da información pública no Diario oficial de Galicia (DOG) e en dous dos xornais de maior difusión na provincia, de acordo coa lexislación reguladora do procedemento para a aprobación do planeamento.

Simultaneamente á información pública, o órgano promotor deberá **consultar** como mínimo, **ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado** recollidos no presente documento de referencia, ademais de solicitar os informes sectoriais correspondentes derivados da lexislación sectorial aplicable.

6.2 Amplitude da consulta

6.2.1 Administracións públicas

1. Administración Xeral do Estado:

- Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente:
 - o Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, acerca da protección dos recursos hídricos e a súa dispoñibilidade para os usos previstos polo planeamento.
- Calquera outro Ministerio cando o planeamento afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:
 - o Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, concretamente á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, en relación á calidade do ISA (enviarase a documentación completa da MP en formato dixital).
 - o Organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, respecto á ordenación, protección e xestión da paisaxe.
 - o Ente público Augas de Galicia, no tocante á viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas.
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
 - o Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, acerca da conservación e protección do patrimonio cultural.
- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

3. Administración Local:

- Deputación provincial de Pontevedra.





6.2.2 Público interesado

De acordo co disposto no artigo 10.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril, considérase público interesado toda persoa física ou xurídica na que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común así como as persoas xurídicas sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10.2 b) da Lei 9/2006, do 28 de abril.

Entre outros, consideraranse:

- Federación Ecoloxista Galega.
- Asociación ecoloxista Amigos da Terra.
- Federación Galega de Medioambiente.
- Fundación Galicia Sustentable.

6.3 Informe de participación e consultas

O órgano promotor elaborará un **documento único** no que se describa o procedemento seguido durante o período de información pública e consultas e un resumo de cada unha das observacións, alegacións e informes recibidos, ademais da xustificación de como se tomaron en consideración e se integraron na MP.

Con carácter previo á aprobación definitiva da MP, o órgano promotor remitirá ao órgano ambiental a documentación completa da MP (integrando as modificacións resultantes da fase de consultas), a proposta de Memoria ambiental e o citado informe de participación e consultas, que irá acompañado da seguinte documentación:

- Certificación coas datas do período de información pública, número do DOG no que foi publicado e relación dos diarios seleccionados para a súa difusión (incluídas as datas de publicación).
- Relación das solicitudes de informes sectoriais e das consultas establecidas neste documento de referencia (Administracións públicas e público interesado) incluíndo as datas de solicitude, obtívesen ou non resposta.
- Copia dos informes recibidos e das alegacións, non sendo en principio necesario, achegar copia das alegacións presentadas por particulares que non atendan a cuestións ambientais.



ANEXO I.- Resultado das consultas e da exposición pública do documento de inicio

O DI remitiuse ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver Decreto 54/2013, do 21 de marzo, polo que se modifica o Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) e ao mesmo tempo inseriuse na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (<http://www.cmati.xunta.es>) para que o público en xeral fixera comentarios acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables ao Plan que puideran axudar á toma de decisión de sometemento á avaliación ambiental estratéxica e á redacción deste documento de referencia.

Durante a fase de consultas, recibíuse resposta do Ente público Augas de Galicia, o Servizo de Planificación da Paisaxe, a Secretaría Xeral do Mar, o grupo municipal do BNG, as asociacións Xabriña de Mondariz, A Terra Non Se Vende, A Ría non se vende e Salvemos Monteferro, a Plataforma cidadá SOS Xardíns Mondariz Balneario, e 124 particulares. Con posterioridade, e con data 25.09.2014, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en resposta á solicitude feita por parte da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental durante á fase de consultas, achega unha serie de observacións e suxestións en relación aos posibles efectos significativos da MP sobre o patrimonio cultural.

Estes informes e comentarios, son remitidos ao órgano promotor xunto co presente documento de referencia, polo que a continuación se achega un resumo deles.

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Sinalan que as Normas subsidiarias provinciais do ano 1991, contemplan no seu catálogo o conxunto do Balneario (Gran Hotel e xardín), onde os elementos que o configuran conforman unha unidade indivisible, aínda que os catálogos mais recentes protexeran de forma diferenciada os mesmos.

Fan constar que o uso residencial privado non resulta un uso compatible coa protección e conservación do conxunto do Balneario e a súa integridade, supoñendo a proposta de introducir un uso alleo ao seu desenvolvemento, unha perda e destrución dunha parte primordial da súa natureza intrínseca. Neste sentido sinalan que non semella axeitado incluír novas edificacións no ámbito dos espazos libres, agás que colaboren de forma evidente á súa conservación e protección.

Sinalan que debe conservarse o carácter do xardín do Balneario, preservando a súa integridade, e mantendo os usos adecuados á súa historia e morfoloxía, propiciando en todo caso usos compatibles coa súa natureza, orixe e evolución histórica. A segregación do ben cultural en varias parcelas co obxecto de modificar a súa condición, non é compatible coa protección da integridade do elemento protexido, polo que calquera medida que supoña a fragmentación do conxunto do Balneario debe ser evitada.

Finalmente indican que os documentos que se desenvolvan no ámbito deberán incluír, medidas para a conservación e recuperación dos elementos que teñen sido deteriorados, especialmente a reposición do arborado, a conservación de elementos inventariados, e aqueles que formen parte do conxunto, como fiestras absidais, bañeiras e calquera que conforme o carácter do xardín.

No referente ao DI destacan que este carece por completo do estudo e análise necesario en relación aos valores culturais dos bens protexidos, o cal determina de forma evidente as conclusións do documento.

Indican que a información e avaliación das alternativas resulta insuficiente, xa que non se ten valorado axeitadamente o patrimonio cultural afectado; do mesmo modo indican que o documento está asinado por un enxeñeiro agrónomo, titulación que non resulta competente para realizar a necesaria avaliación e valoración das circunstancias relacionadas cos valores culturais.





Augas de Galicia - Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica

Informa que o Concello de Mondariz Balneario está no ámbito territorial da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, polo que se debería consultar á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil nos aspectos relativos á xestión do dominio público hidráulico e da planificación hidrolóxica.

Servizo de Planificación da Paisaxe (IET)

Informan que entre as actuacións previstas pódese determinar que a execución da área residencial será a que implique un maior impacto paisaxístico.

Fan constar que no DI non quedan reflectidas medidas concretas para corrixir e minimizar os posibles impactos paisaxísticos, indicando que deberanse de ter en conta as medidas de integración paisaxística necesarias para integrar e adecuar o novo volume do Museo da Auga ao marco escénico do lugar.

Sinalan que dada a notable singularidade paisaxística e cultural do ámbito da MP, e que as actuacións previstas implicarán cambios na percepción da paisaxe da contorna do Gran Hotel, sería preciso realizar un estudo da incidencia paisaxística dos novos usos propostos onde se teñan presentes tanto as posibilidades de transformación da situación actual como a capacidade de acollida da contorna.

Secretaría Xeral do Mar (Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura)

Sinalan que no Concello non existe ningún centro de acuicultura continental, sendo o máis próximo o situado en Borraxeiros (Pontearreas), a preto de 2,7 km augas abaixo do río Tea.

Indican que ao tratarse dunha modificación de planeamento urbanístico, non é previsible ningunha incidencia no sector da acuicultura. No entanto fan constar que no caso de levarse a cabo o proxecto este deberá avaliar a existencia ou non de incidencias no funcionamento do centro de acuicultura litoral mencionado.

Grupo municipal do BNG, as asociacións Xabriña de Mondariz, A Terra Non Se Vende, A Ría non se vende, Salvemos Monteferro, Compromiso por Galicia, o Grupo Ecoloxista Adenco, e 124 particulares

Todos eles presentaron un mesmo modelo de escrito, no que resumidamente fan constar que:

- O solo do ámbito a recualificar para uso residencial non está afastado da entrada ao xardín senón na área máis próxima dende o acceso pola Fonte da Gándara, está á beira de elementos tan frecuentados como a capela do Carme e dos elementos patrimoniais catalogados (cruceiro, peto de ánimas, arco, coro románico, capiteis románicos, estanque, escalinatas, casa de Don Luis), e afecta directamente a valores paisaxísticos valiosísimos do xardín inglés e da súa masa arbórea centenaria coñecida como Bosque do Gran Hotel.
- Sinalan que os efectos sobre o patrimonio cultural e natural son notables e severos.
- Sinalan que os xardíns do Gran Hotel reúnen todas as condicións propias dos xardíns históricos, polo que entenden que a súa protección integral debe vir pola vía de promover a súa declaración como ben de interese cultural (BIC), e mediante a implementación de medidas e plans de posta en valor que garantan a súa restauración e a súa identidade plena.
- Si se acepta que os xardíns do Gran Hotel representan un ámbito con valores paisaxísticos homoxéneos e coherentes, entende que é obrigado acompañar a MP dun estudo de impacto e integración paisaxística, dado que os efectos sobre a paisaxe que se derivan da MP serán severos e irreversibles.

Plataforma cidadá SOS Xardíns Mondariz Balneario

As observacións e suxestións que en materia ambiental formulou esta plataforma cidadá, coinciden na súa meirande parte coas que se mencionan anteriormente achegadas por particulares, solicitando a maiores:



- Que xunto coa decisión que se adopte no trámite de consultas da AAE, se publiquen os informes evacuados polos órganos da Administración da Xunta competentes en materia de urbanismo, patrimonio cultural e paisaxe.
- Que se inste á consellería competente para que declare o parque do Gran Hotel de Mondariz Balneario como ben de interese cultural (BIC) na categoría de xardín histórico.

Xuntan ademais os seguintes informes técnicos complementarios:

- Informe sobre aspectos urbanísticos.
- Informe sobre impactos no patrimonio cultural.
- Informe sobre impactos no medio natural.
- Informe sobre aspectos históricos dos xardíns.
- Informe sobre arquitectura e paisaxe dos xardíns.



ANEXO II.- Criterios de sustentabilidade

PAISAXE

Integración paisaxística (*modo no que se considera a paisaxe e a integración das actuacións nesta*)

Preservar, protexer e poñer en valor a calidade da paisaxe.

- Establecer unha ordenación do solo que contribúa á protección da diversidade de paisaxes e da súa calidade, limitando as actividades que poidan alterar os seus valores e percepción e promovendo o seu uso público.
- Propoñer medidas que incentiven o mantemento e posta en valor da paisaxe e que favorezan a conservación dos elementos de estruturación e conectividade e a restauración dos espazos degradados.

Favorecer a integración paisaxística das actuacións.

- Integrar a compoñente paisaxística en todas as escalas de desenvolvemento do planeamento.
- Establecer medidas para a integración visual e paisaxística dos novos desenvolvementos en canto a usos, materiais, volume, texturas, etc., adecuando as actuacións previstas ás características do medio (topografía, vexetación natural, etc.).

PATRIMONIO NATURAL

Conservación do patrimonio natural (*grao no que se pode afectar aos espazos de interese natural*)

Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais

- Promover a protección daquelas áreas ou formacións de interese local polos seus valores físicos ou naturais e que complementen a funcionalidade das áreas xa protexidas.
- Contribuír á conservación e mantemento dos hábitats de interese comunitario, así como das especies de flora e fauna incluídas nalgunha categoría de protección.
- Establecer zonas de transición que sirvan de amortecemento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables e contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito de estudo como fóra del.

Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais

- Fomentar a utilización dos recursos naturais de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediata na que se insiren.
- Promover o uso de especies autóctonas e establecer medidas de redución e eliminación de especies alóctonas ou invasoras.
- Definir actuacións que contribúan á recuperación dos sistemas naturais degradados.
- Axustar a intensidade de usos á capacidade de acollida dos sistemas naturais.

Fragmentación do territorio (*como se considera a conectividade ecolóxica e se minimiza a fragmentación do territorio e formación de barreiras*)

Favorecer a conectividade ecolóxica

- Prever os mecanismos necesarios para potenciar a conectividade ecolóxica do territorio, especialmente entre os espazos naturais protexidos, considerando como principais corredores os cursos fluviais e a vexetación de ribeira, as sebes en zonas agrícolas, as zonas de monte e outros elementos do territorio que actúen de nexos entre os hábitats naturais e favorezan a distribución das poboacións de flora e fauna.
- Reducir o número de elementos ou infraestruturas que supoñan un efecto barreira sobre os movementos das especies faunísticas.



PATRIMONIO CULTURAL

Conservación do patrimonio cultural (*grao en que se poden afectar os espazos de interese patrimonial*)

Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais.

- Preservar os elementos de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico incorporándoos ao catálogo de patrimonio e establecer no planeamento as súas zonas de afección e as medidas para a súa restauración, rehabilitación e conservación.
- Revitalizar as zonas históricas como ámbitos residenciais e de actividade.
- Poñer en valor os elementos identificados e favorecer a súa accesibilidade e aproveitamento por parte da poboación coas limitacións impostas pola necesidade de preservación.

Integrar as actuacións cos elementos patrimoniais.

- Garantir a compatibilidade dos desenvolvementos con calquera elemento ou ámbito de interese do patrimonio cultural e, cando corresponda, cos seus plans especiais.
- Integrar os elementos patrimoniais nas actuacións sen alterar as súas características, o carácter paisaxístico da súa contorna nin perturbar a súa contemplación.
- Considerar a posibilidade de achados casuais de obxectos ou restos materiais con valores propios do patrimonio cultural como consecuencia de calquera tipo de remoción de terra, demolición ou obra.

OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Calidade do solo (*posible afección sobre a calidade do solo dende o punto de vista da súa ocupación e degradación*)

Minimizar o consumo do solo e racionalizar o seu uso.

- Analizar as necesidades do Concello e da súa poboación en función das súas características e das da contorna na que se insire.
- Axustar o parque potencial de edificacións a teito de planeamento á dinámica socioeconómica do Concello e establecer densidades e tipoloxías que optimicen o consumo de solo.
- Promover a ocupación dos espazos baleiros das tramas urbanas, dándolle prioridade ás actuacións de rehabilitación e renovación urbana e á ocupación dos espazos antropizados fronte a novas ocupacións do solo.

Vocacionalidade de ámbitos (*modo en que a asignación de usos é coherente coa capacidade produtiva do solo*)

Promover unha clasificación do solo en función da súa propia capacidade produtiva e potencialidade.

- Preservar os solos situados nas proximidades dos espazos patrimoniais protexidos, establecendo áreas de transición entre estes e as zonas urbanizadas ou susceptibles de selo.

Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos (*grao de exposición a riscos, ben sexa resultado da ocupación de espazos que presenten riscos ou pola xestión de actividades que podan influír en dita exposición*)

Evitar ou reducir os riscos naturais e tecnolóxicos.

- Identificar as zonas afectadas por calquera tipo de risco natural ou tecnolóxico. Estes terreos serán excluídos do proceso urbanizador ou verán limitados os usos, de xeito que se evite a afección ás afectadas as persoas e aos bens.
- Evitar a xeración de novos riscos ou incremento dos existentes coas novas actuacións que se propoñan.



SOCIEDADE

Calidade de vida da poboación (*contribución á mellora da calidade de vida dos cidadáns a través do fomento de estilos de vida adaptados á contorna*) e **cohesión social** (*contribución á promoción da igualdade de oportunidades e do acceso aos servizos públicos*)

Favorecer o equilibrio entre a poboación e os equipamentos e servizos.

- Axustar o desenvolvemento urbanístico á realidade socioeconómica do Concello.
- Axustar a oferta de equipamentos e espazos libres públicos ás necesidades da poboación actual e futura (asistenciais, sociais, educativas, culturais e deportivas) para o que se terá en conta a situación do Concello dentro do modelo territorial das DOT.
- Garantir a dotación dos servizos urbanísticos básicos para dar resposta ás necesidades da poboación.
- Prever espazos e sistemas que faciliten a implantación de Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC).

Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade do medio urbano.

- Favorecer unha paisaxe urbana de calidade que integre as novas actuacións na contorna na que se asentán.
- Configurar unha rede de espazos libres continua, diversificada e accesible e favorecer a interacción das persoas coa natureza.
- Establecer solucións que garantan o amortecemento das posibles afeccións das actuacións propostas con respecto as áreas residenciais existentes.
- Establecer actuacións que procuren a preservación da identidade propia dos asentamentos.

Favorecer a cohesión social e garantir a non exclusión.

- Garantir unha porcentaxe de vivendas baixo algunha figura de protección que favoreza o acceso á vivenda dos colectivos con máis dificultades.
- Crear unha rede de espazos para a convivencia, ocio, exercicio e intercambio, entre outros, en función das características da poboación.

Gobernanza (*eficacia, calidade e boa orientación na coordinación coas distintas administracións*)

Garantir a participación cidadá e a colaboración entre administracións.

- Favorecer o dereito de información e establecer mecanismos de participación social nas distintas fases do planeamento.
- Contemplan a adopción de acordos coa Administración e outros organismos para o desenvolvemento socioeconómico do Concello.

ENERXÍA

Consumo enerxético (*forma na que se atende ás necesidades enerxéticas, aos esforzos para a redución do consumo enerxético e á potenciación das enerxías renovables*)

Promover o aforro no consumo enerxético.

- Adecuar a planificación aos recursos dispoñibles e previstos, garantindo a viabilidade do subministro e procurando a conexión das novas redes coas existentes.
- Integrar o concepto de eficiencia enerxética no deseño da malla urbana, a través da creación de estruturas compactas e complexas integradas cos tecidos urbanos existentes.
- Intervir nas características da rede de alumeado público e dos alumeados exteriores privados con fin de minimizar o consumo enerxético.



Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables.

- Establecer un nivel mínimo de enerxías renovables e de autosuficiencia enerxética (tanto para as edificacións e espazos públicos como para os privados) que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia.

CICLO HÍDRICO:

Calidade da auga (*consideración da calidade dos recursos hídricos, tanto no mantemento da calidade como na recuperación das masas degradadas*)

Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos.

- Estudiar a capacidade e o estado dos recursos hídricos para cubrir as demandas dos servizos de abastecemento e saneamento.
- Evitar as afeccións sobre as fases do ciclo hídrico derivadas do desenvolvemento do planeamento, como a modificación da rede superficial, a alteración da calidade das augas superficiais e/ou subterráneas, a incidencia no réxime de correntes.
- Manter a permeabilidade natural dos terreos e reducir ao máximo a superficie de solo impermeabilizada nos procesos urbanísticos, de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico, incluíndo técnicas de drenaxe urbana sustentable (TDUS) precisas para garantir cualitativa e cuantitativamente o retorno da auga pluvial ao medio receptor.

Garantir o tratamento axeitado das augas residuais.

- Valorar as características e a cobertura da rede de saneamento e do sistema de tratamento existente e xustificar a capacidade do servizo para atender á demanda prevista e o cumprimento dos parámetros de vertido ao medio.
- Prever redes de saneamento de tipo separativo.

Consumo de recursos hídricos (*forma na que se consideran as necesidades de recursos hídricos, o esforzo na redución do consumo e a adaptación do planeamento á dispoñibilidade real de recursos hídricos*)

Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento en función das demandas estimadas. Criterios:

- Valorar a cobertura e estado do sistema de abastecemento existente e xustificar a súa capacidade para dar servizo, e establecer as medidas necesarias para garantir o servizo ao conxunto da poboación.

Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos.

- Fomentar a implantación de sistemas e mecanismos de aforro do recurso hídrico.
- Fomentar o aproveitamento das augas pluviais e a reutilización das augas residuais.

CICLO DE MATERIAIS

Xeración de residuos (*modo no que se afronta a xestión de residuos, en especial a redución da xeración*)

Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.

- Regular as actividades e procesos construtivos para reducir a xeración de residuos e para fomentar a súa reutilización e reciclaxe.
- Garantir a capacidade de recollida e xestión dos residuos urbanos.



ANEXO III.- Indicadores dos obxectivos ambientais

PAISAXE

Integración paisaxística - Favorecer a integración paisaxística da zonificación de usos e das actuacións construtivas derivadas

	SÍ	NON	Nº de medidas
¿Establécense medidas para a integración visual e paisaxística tanto da zonificación de usos proposta? ¿Establecese na normativa que as actuacións construtivas que deriven da MP, contemplan medidas de integración paisaxística?. Nº de medidas.			

PATRIMONIO NATURAL

Conservación do patrimonio natural - Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais

	SÍ	NON	Nº de medidas
¿Inclúense medidas para conservar e mellorar o estado dos elementos naturais existentes no ámbito da MP?. Nº de medidas propostas.			

PATRIMONIO CULTURAL

Conservación do patrimonio cultural - Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais

	SÍ	NON	Nº de medidas
¿Identifícase elementos de interese patrimonial?. Número de bens identificados e superficie dos ámbitos de protección.			
¿Establécense medidas para a preservación e posta en valor dos elementos patrimoniais identificados?. Número de medidas propostas.			

OCUPACIÓN DO SOLO

Vocacionalidade de ámbitos - Promover unha zonificación do ámbito en función da súa vocacionalidade e potencialidades

	SÍ	NON	m ² superficie e % da superficie total
¿A proposta de zonificación dos novos usos preserva de ocupación os ámbitos onde se atopan elementos de interese patrimonial e natural?. Superficie exenta de novas construcións, destinada á preservación e posta en valor dos bens de interese patrimonial e natural existentes.			
A proposta de zonificación evita que sexan ocupadas por edificacións, as áreas afectadas pola ARPSI do rego Valdecide?. Superficie da MP susceptible de ser afectada pola ARPSI.			



SOCIEDADE

Gobernanza - Garantir a participación cidadá e a colaboración entre administracións

	SÍ	NON	Nº de medidas
¿Establécense mecanismos que favorezan a participación da poboación nas fases previas á aprobación da MP na procura do maior consenso social?. Relación de medidas.			

ENERXÍA

Consumo enerxético - Promover o aforro no consumo enerxético

	SÍ	NON	Nº de medidas
¿Contémplase medidas con fin de minimizar o consumo enerxético nos futuros usos previstos pola MP?.Nº de medidas			

CICLO HÍDRICO

Consumo de recursos hídricos - Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos

	SÍ	NON	Nº medidas
¿A MP inclúe medidas que favorezan a implantación de sistemas e mecanismos de aforro dos recursos hídricos?¿Contémplase normativamente a obriga de que as futuras construcións previstas incorporen sistemas de aforro dos recursos hídricos? Nº de medidas.			

Ademais como fontes de datos de indicadores para elaborar o plan de seguimento, pódense consultar as seguintes:

- Indicadores de seguimento para plans xerais de ordenación municipal. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.¹
- *Indicadores ambientais de Galicia 2007*. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.²
- *Desarrollo sostenible 2008: sistema de indicadores de la Estrategia de Desarrollo Sostenible de la UE*. Instituto Nacional de Estadística.³
- *Perfil Ambiental de España 2010: informe basado en indicadores*. Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.⁴
- *Banco público de indicadores ambientales (BPIA)*. Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.⁵

¹http://www.cmati.xunta.es/c/document_library/get_file?folderId=72087&name=DLFE-20895.pdf

²http://www.siam.medioambiente.xunta.es/siam/index_indicadores.jsp

³<http://www.ine.es>

⁴<http://www.magrama.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/informacion-ambiental-indicadores-ambientales/indicadores-ambientales-perfil-ambiental-de-espana/>

⁵<http://www.magrama.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/informacion-ambiental-indicadores-ambientales/banco-publico-de-indicadores-ambientales-bpia/>

